



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Ciencias da Saúde

Grado en Terapia Ocupacional

Curso académico 2016-2017

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**A influencia dos factores ambientais na vida
comunitaria dos nenos con diversidade
funcional motora, desde a perspectiva das
familias**

Rebeca Fernández López

Setembro 2017

DIRECTORAS

Dna. María José Darriba Fraga. Terapeuta Ocupacional e Profesora Asociada á Facultade de Ciencias da Saúde. Universidade da Coruña.

Dna. Alba María Vázquez Otero. Terapeuta Ocupacional e Profesora Asociada á Facultade de Ciencias da Saúde. Universidade da Coruña.

Índice

Resumo/Resumen/Abstract	6
1. Antecedentes e estado actual do tema	9
1.1. Xustificación do estudo	16
2. Bibliografía	18
3. Premisa do estudo	25
4. Obxectivos	26
5. Metodoloxía	27
5.1. Tipo de estudo	27
5.2. Pescuda bibliográfica	27
5.3. Contextualización	28
5.3.1. Posición da investigadora	28
5.3.2. Ámbito do estudo	29
5.4. Poboación	29
5.5. Mostra	30
5.6. Entrada ao campo	31
5.7. Técnica de recollida de datos	31
5.8. Plan de análise de datos	33
5.9. Rigor metodolóxico e credibilidade	34
5.10. Aplicabilidade	35
5.11. Limitacións do estudo	36
6. Plan de traballo	38
7. Aspectos éticos	39
8. Plan de difusión dos resultados	40
8.1 Congresos	40
8.2 Revistas	40
8.3 Comunidade	41
9. Financiamento da investigación	42
9.1 Recursos necesarios	42
9.2 Posibles fontes de financiación	43
10. Agradecementos	45
APÉNDICES	46

Índice de táboas

Táboa I: Criterios de inclusión e exclusión para os participantes	30
Táboa II: Cronograma	38
Táboa III: Presuposto estimado do estudo de investigación	43

Índice de figuras

Figura 1: Municipios pertencentes á Xerencia de Xestión Integrada da Coruña	29
---	----

RESUMO

Introdución. A participación na vida comunitaria é de gran importancia para o desenvolvemento dos nenos, xa que través desta establecen relacións sociais, manifestan a súa creatividade, desenvolven a súa identidade e nace o significado da súa vida.

En ocasións, isto pode verse influenciado polos factores ambientais debido a que en toda participación existe unha interacción entre a persoa, as ocupacións e as contornas. Así pois, expoñerase a posible interacción dos diferentes ambientes que poden limitar ou facilitar a participación comunitaria dos nenos con diversidade funcional motora.

Obxectivo. Indagar sobre os aspectos ambientais que facilitan ou comprometen a participación dos nenos con diversidade funcional motora na comunidade, a través das perspectiva das familias.

Metodoloxía. Empregarase unha metodoloxía cualitativa cun enfoque fenomenolóxico. Desta maneira estudarase a realidade dunha poboación desde un contexto natural, a través das experiencias e o punto de vista das persoas. A selección de participantes realizarase mediante unha mostraxe teórica intencional e na técnica de recollida de datos empregárase: entrevistas semi-estruturadas, un caderno de campo e grupos de discusión

Palabras clave. Terapia Ocupacional, infancia, diversidade funcional, factores ambientais, participación, comunidade.

Tipo de traballo. Proxecto de investigación

RESUMEN

Introducción. La participación en la vida comunitaria es de gran importancia para el desarrollo de los niños, ya que través de esta establecen relaciones sociales, manifiestan su creatividad, desarrollan su identidad y nace el significado de su vida.

En ocasiones, esto puede verse influenciado por los factores ambientales debido a que en toda participación existe una interacción entre la persona, sus ocupaciones y los entornos. Así pues, se expondrá la posible interacción de los diferentes ambientes que puedan limitar o facilitar la participación comunitaria de los niños con diversidad funcional motora.

Objetivo. Indagar sobre los aspectos ambientales que facilitan o comprometen la participación de los niños con diversidad funcional motora en la comunidad, a través de la perspectiva de las familias.

Metodología. Se utilizará una metodología cualitativa con un enfoque fenomenológico. Desta maneira se estudiará la realidad de una población desde un contexto natural, a través de las experiencias y el punto de vista de las personas. La selección de participantes se realizará mediante un muestreo teórico intencional y para la técnica de recogida de datos se empleará: entrevistas semi-estructuradas, un cuaderno de campo y grupos de discusión.

Palabras clave. Terapia Ocupacional, infancia, diversidad funcional, factores ambientales, participación, comunidad.

Tipo de trabajo. Proyecto de investigación.

ABSTRACT

Introduction. Participation in community life is of great importance for the development of children, through it, social relationships are established, they manifest their creativity, develop their identity and the meaning of their lives.

Sometimes this can be influenced by environmental factors, since in all participation there is an interaction between the person, his occupations and the environment. That is why we will talk about the possibility of an influence of different environments that may limit or facilitate the community participation of children with motor functional diversity.

Aim. To investigate about the environmental aspects that facilitate or compromise the participation of children with motor functional diversity in the community, through the perspective of their families.

Methodology. A qualitative methodology will be used with a phenomenological approach. In this way we will study the reality of a population from a natural context through the experiences and the point of view of the people. The selection of participants will be done by means of an intentional theoretical sampling and the data collection technique will be used: semi-structured interviews, a field notebook and discussion groups.

Keywords. Occupational therapy, children, functional diversity, environmental factors, community, participation.

Type of work. Research project.

1. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA

A Clasificación Internacional do Funcionamento da Discapacidade e da Saúde (CIF) define a participación como "o acto de involucrarse nunha situación vital" e, dentro desta, existen diferentes categorías: 1) aprendizaxe e aplicación de coñecementos; 2) tarefas e demandas xerais; 3) comunicación; 4) mobilidade; 5) autocoidado; 6) vida doméstica; 7) interaccións e relacións interpersoais; 8) áreas principais da vida; e 9) vida comunitaria, social e cívica (1).

Desde este documento, farase un maior fincapé nesta última categoría nomeada, xa que o estudo terá como protagonista a esta. Este termo de vida comunitaria, social e cívica fai referencia ao conxunto de actividades realizadas a nivel da comunidade (2), é dicir, aquelas dirixidas ao tempo libre/lecer, relixión e espiritualidade, actividades en familia ou con iguais, entre outras (3).

A participación é un constructo multidimensional composto por dimensións como o número de actividades realizadas, a frecuencia de participación, o gozar e as preferencias nas actividades, e é de vital importancia coñecer e avaliar todas elas. Á súa vez, pode desenvolverse en dous tipos de contextos, o formal que inclúe as actividades estruturadas, con regras ou metas (por exemplo: as actividades extraescolares) e o informal onde as actividades non teñen planificación e son iniciadas pola propia persoa (por exemplo: saír con amigos ou familia, xogar) (4,5).

Unha implicación activa e significativa na participación é vital para as persoas, sendo isto importante para o seu benestar e calidade de vida, ademais de ser un indicador de saúde (4,6,7). Isto cobra maior relevancia se se fala da etapa da infancia, a cal é caracterizada por ser un período crucial determinado por cambios de gran transcendencia relacionados co crecemento e desenvolvemento (8). Así pois, a través da participación os nenos desenvolven habilidades, establecen amizades e relacións sociais cos seus pares ou outros, manifestan creatividade, desenvolven a súa

identidade e outorgan un significado á súa vida, ademais de axudar a fomentar o desenvolvemento positivo na idade adulta (4,6,7).

A pesar dos beneficios mostrados anteriormente sobre o impacto que xera a participación na saúde, en ocasións, pode verse comprometida e, en concreto, a evidencia indica que os nenos con diversidade funcional motora¹ teñen unha participación restrinxida (9-12). Esta restrición pode deberse a influencia de diversos factores persoais ou ambientais (6), mais neste documento recolleranse só aqueles aspectos de orixe ambiental.

A participación comunitaria dos nenos desenvólvese dentro dun gran número de contextos nos que se levan a cabo as diferentes ocupacións e onde existe unha interacción dinámica entre a persoa e o medio ambiente (13). Isto é avogado polos modelos ecolóxicos e é exemplo destes a Teoría Ecolóxica de Bronfrenbrenner. Nesta expone que toda experiencia vital desenvólvese en diferentes ambientes, vendo a estes de maneira ampla e global e non só centrándose na persoa e na súa contorna máis próxima (14). No caso dos nenos existen diversas contornas que inflúen no seu desenvolvemento vital como a familia, a escola ou a comunidade, e ás cales o autor desta teoría define como "unha serie de estruturas encaixadas, unha dentro da outra, como un conxunto de bonecas rusas" (14). Para explicar isto formula os seguintes niveis ambientais: **1) microsistema:** "patrón de actividades, roles e relacións interpersoais que a persoa en desenvolvemento experimenta nunha contorna determinada,

¹ O termo diversidade funcional motora fai referencia a toda alteración motriz, transitoria ou permanente, que pode afectar ao desenvolvemento do neno. Na función motora interveñen diversos sistemas como o sistema nervioso central e periférico, o sistema osteoarticular, o sistema músculo-ligamentoso, o sistema metabólico e a xenética e, por iso, existen diferentes tipos de trastornos motores como os de orixe neurolóxico (encefalopatías, alteracións traumáticas), neuromuscular (distrofias musculares), osteoarticular (displasias esqueléticas), neurodexenerativos (enfermidades ou trastornos dexenerativos) ou retrasos no desenvolvemento motor (hipotonía conxénita) (15).

con características físicas, sociais e materiais particulares"; **2) mesosistema:** "comprende o conxunto de relacións de dous ou máis sistemas nos que a persoa participa de maneira activa". **3) exosistema:** "son unha ou máis contornas nas que non se inclúen á persoa no desenvolvemento como participante activo, pero neles prodúcense feitos que afectan a contorna que comprende á persoa en desenvolvemento"; e **4) macrosistema:** é a capa máis externa que engloba os tres niveles anteriores no marco da cultura e ,nesta, recóllense os valores, crenzas, relixións e políticas que abrangue a comunidade (14,16).

Tras facer referencia á importancia do medio ambiente sobre a participación na vida comunitaria dos nenos hai que destacar que existen diferente tipos de factores ambientais, os cales son expostos a continuación: **1) Físico:** refírese aos aspectos externos ao neno, onde se inclúen as contornas naturais (aire, animais..) e construídas (estruturas feitas por humanos como edificios e demais infraestruturas); **2) Social:** son o conxunto de redes sociais e relacións entre o fogar, a comunidade e os diferentes sistemas sociais e, isto, engloba ás persoas e institucións que teñen unha interacción co neno (familia, iguais, veciñanza ou comunidade); **3) Cultural:** son os costumes culturais, sociais, crenzas e normas de dentro dunha sociedade que definen, modifican e inflúen na participación dos nenos; **4) Económico:** inclúen a economía familiar e local e como estas afectan á dispoñibilidade e o acceso ás instalacións comunitarias e **5) Institucional:** contornas asociadas ás organizacións e o persoal pertencente a estas (17,18).

Para que todo o exposto anteriormente teña un significado sólido recóllense, a continuación, varios estudos que forman parte da evidencia de que os factores ambientais poden comprometer ou facilitar a participación dos nenos con diversidade funcional motora.

A maioría dos estudos atopados, pertencentes a esta liña de investigación, elixiron a poboación de nenos e mozos con parálise cerebral e, neles, estudouse a participación en actividades de lecer e cotiás dentro do fogar,

da escola e da comunidade. Todos os autores destas investigacións observaron nos resultados que os factores ambientais son determinantes na participación e, ademais, puideron contemplar que a maior parte das actividades realizadas polos nenos e mozos eran de carácter informal e levadas a cabo no fogar e en familia e, pola contra, realizaban menos actividades formais, participaban menos na comunidade e a interacción con iguais era limitada (4,19,20). Outra gran parte dos estudos que forman a evidencia estudaron a participación de nenos con diversidade funcional física e, ao igual que os anteriores, analizaron a participación en actividades realizadas no fogar, na escola e na comunidade e como os factores ambientais inflúen nestas. En todos eles destácase, principalmente, que as contornas físicas e sociais son un obstáculo á hora de involucrarse os nenos na participación diaria (10,12), mais cabe destacar o estudo realizado por Law M et al., no cal se analizaron especificamente como cada un dos diferentes ambientes (físico, social, actitudinal, económico, cultural e institucional) repercuten nas actividades diarias dos nenos e, concluíron, que os principais desafíos son atopados nas contornas sociais, actitudinais e institucionais (18). Por outra parte, os autores Gorzkowski J. et al., en dous estudos de 2009 e 2011, estudaron a participación na comunidade e no fogar dos nenos con lesión medular. Unha vez máis, concluíron que os factores ambientais físicos e sociais son o principal impedimento para desempeñar as actividades na comunidade (21) e, tamén, observaron como a maior parte das actividades eran informais (22). Por último, facendo referencia a esta evidencia destácanse outras dúas investigacións nas que se realizou unha comparativa entre a participación fóra do fogar e na comunidade entre nenos con e sen diversidade funcional. En ambos estudos, recolleuse que os nenos con diversidade funcional teñen certa desvantaxe á hora de participar nos diferentes ambientes, que no caso dos nenos sen diversidade funcional non existe (7,23).

A pesar de que a evidencia recada que os nenos con diversidade funcional motora teñen comprometida a participación, é importante destacar que esta é considerada un dereito e isto está contemplado en diversos documentos

a nivel mundial. Un deles é a Convención dos Dereitos do Neno, creado polas Nacións Unidas, que describe a participación como un dereito fundamental dos nenos. Nesta destácase o Artigo 23, o cal establece que "o neno mental ou fisicamente impedido deberá gozar dunha vida plena e decente en condicións que aseguren a súa dignidade, permítanlle chegar a bastarse a sí mesmo e faciliten a participación activa do neno na comunidade" (24). Por outra parte, o Convenio Sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade no Artigo 7 recolle que se tomarán medidas para "asegurar que todos os nenos e as nenas con discapacidade gocen plenamente de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais en igualdade de condicións cos demais nenos e nenas" (25). Neste mesmo documento tamén se destacan os Artigos 9,19 e 30, os cales expoñen que as persoas con diversidade funcional deben ter accesibilidade e dereito a unha vida independente na comunidade, asegurando unha plena inclusión na participación cultural e nas actividades recreativas e deporte (25).

Finalmente, relacionarase todo o manifestado coa disciplina de Terapia Ocupacional (en diante, TO). Esta é definida pola Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (World Federation of Occupational Therapists, en diante, WFOT) como "unha profesión da saúde centrada no usuario, á cal lle concirne a promoción da saúde e o benestar a través da ocupación. A finalidade primordial da Terapia Ocupacional é posibilitar a participación das persoas nas actividades da vida cotiá. Os terapeutas ocupacionais logran este resultado traballando con persoas e comunidades para incrementar a súa capacidade de involucrarse nas ocupacións que desexan e necesitan facer, ou que se esperan que fagan; ou mediante a modificación da ocupación ou do ambiente para brindar maior apoio ao seu compromiso ocupacional" (26).

En canto ao termo ocupación defínese como "todas as actividades cotiás que as persoas levan a cabo como individuos, nas familias, como membros de grupos, e dentro das comunidades, para dar sentido e propósito á vida e para lograr e manter a saúde" (27).

Para comprender a unión do tema principal coa TO farase unha breve mención dos diversos modelos conceptuais que guían a práctica, os cales proporcionan á disciplina unha base teórica que encamiña ao propio profesional no seu traballo (28), e nos que se describen como o medio ambiente é un factor esencial a hora de desempeñar as ocupacións. O primeiro a nomear é o Modelo Canadiense do Desempeño Ocupacional, este expón que existe unha “relación dinámica e entrelazada entre a persoa, o seu medio ambiente e a ocupación, que resulta no desempeño ocupacional da persoa ao longo da vida” e, por iso, a concepción deses tres conceptos nunca debe ser separada, xa que as persoas están conectadas en todo momento ao medio que a rodea (29). O segundo a destacar é o Modelo de Ocupación Humana que contempla, ao igual que o anterior, que o medio ambiente “ten un impacto sobre o que as persoas fan e como o fan”, é dicir, nas ocupacións e na vida diaria destas. Este modelo, describe ao ser humano como o conxunto de tres compoñentes: a volición, a habituación e a capacidade de desempeño, e todos eles teñen unha relación directa coa contorna definida como “íntima e recíproca” (30). Por último destacar os tres modelos ecolóxicos da TO, os cales son: o modelo de Ecoloxía do Desempeño, o modelo de Persoa-Contorna-Desempeño Ocupacional e o modelo de Persoa-Contorna-Ocupación. Estes caracterízanse por ser dinámicos e estiman que o desempeño ocupacional está definido pola persoa, a súas diversas contornas e as ocupacións. Ademais, inclúen a importancia da avaliación e intervención da TO enfocada ás contornas e non só na persoa ou nas ocupacións así, desta maneira, “apreciase a singularidade de cada situación” (31).

Tras observar como as bases que guían a práctica da TO avogan que os tres conceptos clave da disciplina, persoa-ocupación-contorna, teñen unha interrelación, e importante destacar que a propia WFOT apoia isto nun dos seus documentos indicando que “os terapeutas ocupacionais cren que a participación pode ser apoiada ou restrinxida polas habilidades [...] do individuo, polas características da ocupación, ou polos ambientes físicos, sociais, culturais, actitudinais e lexislativos. Por tanto, a práctica da Terapia

Ocupacional céntrase en posibilitar que os individuos cambien aspectos da súa persoa, ocupación e ambiente, ou algunha combinación destes, para incrementar a súa participación ocupacional” (26).

Tendo en conta isto, toda ocupación realizada na etapa da infancia ocorre en diferentes ambientes e, por iso, a práctica no ámbito da pediatría debe basearse na comprensión da relación existente entre o neno, as súas ocupacións e as contornas nas que leva a cabo o seu desenvolvemento, sendo a análise destes a base de toda intervención. Así pois, estes tres compoñentes deben ter un equilibrio para que toda persoa poida desempeñar as súas ocupacións e participar de maneira óptima e inclusiva, xa non só na comunidade senón tamén noutros ámbitos como o fogar ou na escola (32,33). Cando non existe dito equilibrio e os nenos con diversidade funcional non poden acceder a súa propia comunidade e gozar desta debido ao impedimento que xeran as barreiras ambientais, desde a TO identifícase que se está ante unha situación de privación ocupacional. Esta é o exemplo máis frecuente de inxustiza ocupacional, e é definido por Whiteford como "un estado de exclusión da participación en ocupacións necesarias e/ou significativas debido a factores que están fóra do control inmediato do individuo" (34,35).

Ante un estado así que afecta ao desempeño ocupacional da persoa, desde TO, traballase para lograr unha xustiza ocupacional, entendo esta como “as forzas económicas, políticas e sociais que crean oportunidades equitativas e os medios para elixir, organizar e desempeñar ocupacións que a xente atope útiles ou significativas na súa contorna” (34). Para que isto sexa alcanzado identificaranse, estudaranse e expoñeranse solucións que eliminen as inxustizas ocupacionais no ámbito da infancia, traballando nas comunidades a través dun deseño universal e eliminando barreiras de índole social, cultural ou institucional, para que así todos os nenos teñan o mesmo dereito a involucrarse e gozar dunha participación comunitaria (36).

1.1. Xustificación do estudo.

Segundo os datos recollidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) na Comunidade Autónoma de Galicia hai 1.355 nenos menores de 7 anos que presentan algún tipo de diversidade funcional. En concreto na provincia da Coruña, cifras datadas do ano 2016 recollen que 317 nenos de entre 0 e 6 anos presentan diversidade funcional física (37).

Observando estas cifras e tras contemplar os diversos estudos realizados en diferentes lugares como Estados Unidos, Canadá, Australia, Europa, Holanda o ou mesmo en España sobre o impacto dos factores ambientais na participación, é difícil de ignorar que isto o podan estar vivindo os nenos con diversidade funcional desta provincia. Por iso, o que se pretende é coñecer a influencia do medio ambiente sobre a participación comunitaria dos nenos pertencentes á área sanitaria da Coruña.

Tras facer unha revisión bibliográfica en busca de estudos que recollesen o estado actual do tema, os cales xa vimos no apartado de “ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA”, observouse que a nivel nacional a evidencia é escasa. Así pois, só se destaca un artigo de Badia Corbella M, et al. datado do 2011 e realizado na comunidade autónoma de Castela e León, no que se estudou a participación de nenos e mozos con parálise cerebral nas actividades de lecer. Baixo unha metodoloxía cuantitativa o estudo demostra, unha vez máis, que os nenos con diversidade funcional teñen restrinxida a súa participación. Por outra parte, tamén contemplaron que os factores ambientais son determinantes á hora de desempeñar actividades e poden influír máis na participación que as propias características intrínsecas das persoas (4).

Vendo a escasa bibliografía existente en España, unha das finalidades deste traballo é contribuír ao incremento de estudos científicos que recollan como inflúe o ambiente na participación comunitaria dos nenos con diversidade funcional motora. Aínda que a evidencia apreciada ao longo do documento expón que os factores ambientais influen de xeito negativo na

participación, nesta futura investigación observaranse e estudaranse tanto os que xeran barreiras como os facilitadores.

Por outra parte, tras observar que a disciplina de TO apoia a relación do ambiente coas ocupacións que realizan as nenos, considerase que este estudo pode servir de guía para orientar novas prácticas de intervencións baseadas no medio ambiente e así mellorar a participación na comunidade.

Para concluír e facendo referencia a este tipo de intervencións desde a TO, é relevante destacar un estudo de Anaby D, et al. realizado en Canadá, onde reuniu a un grupo de terapeutas ocupacionais para coñecer as súas percepcións e experiencias sobre a aplicación do enfoque PREP (Pathways and Resources for Engagement and Participation). Este é unha intervención cunha duración de 12 semanas, cuxo obxectivo é mellorar a participación en actividades de ocio baseadas na comunidade de mozos con diversidade funcional física. Nos resultados obtidos neste estudo observase que os terapeutas ocupacionais recoñecen os beneficios positivos das intervencións realizadas na propia contorna das persoas e, ademais, manifestan que os diferentes ambientes sociais, actitudinais ou institucionais entre outros deben ser obxecto de intervención e non só o ambiente físico, sendo normalmente o predominante na práctica da TO (11).

2. BIBLIOGRAFÍA

1. Organización Mundial de la Salud, Organización Panamericana de la Salud. Clasificación Internacional del Funcionamiento de la Discapacidad y de la Salud CIF. Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Secretaría General de Asuntos Sociales. Instituto de Migraciones y Servicios Sociales (IMSERSO); 2011.
2. Ávila Álvarez A, Martínez Piédrola R, Mantilla Mora R, Máximo Bocanegra M, Méndez Méndez B, Talavera Valverde MA et al. Marco de Trabajo para la práctica de la Terapia Ocupacional: Dominio y proceso. 2da Edición [Traducción]. www.terapia-ocupacional.com/aota2010esp.pdf [portal en Internet]. 2010 [citado o 8 de maio de 2017]. Traducido de: American Occupational Therapy Association (2008). Occupational therapy practice framework: Domain and process (2nd ed.).
3. Mulligan S. Desarrollo normal del niño. En: Mulligan S, editor. Terapia ocupacional en pediatría: proceso de evaluación. 1ª ed. Madrid: Médica Panamericana; 2006. p. 87-145.
4. Badia Corbella M, Longo Araújo de Melo E, Orgaz Baz MB, Verdugo Alonso MA, Arias Martínez B, Gómez Vela M et al. Participación de niños y adolescentes con parálisis cerebral en actividades de ocio. Siglo Cero: Revista Española sobre Discapacidad Intelectual [Internet]. 2011 [citado 27 de abril de 2017]; 42(239): 23-34. Disponible en: <http://sid.usal.es/idocs/F8/ART19386/239-2%20Bad%C3%ADa.pdf>
5. Longo Araújo de Melo E, Badia Corbella M. La participación en la actividades de ocio de los niños y adolescentes con parálisis cerebral. Siglo Cero: Revista Española sobre Discapacidad Intelectual [Internet]. 2009 [citado 27 de abril de 2017]; 40(232): 79-93. Disponible en: <http://sid.usal.es/idocs/F8/ART15179/longo.pdf>
6. King G, Law M, King S, Rosenbaum P, Kertoy MK, Young NL. A conceptual model of the factors affecting the recreation and leisure participation of children with disabilities. Physical and Occupational Therapy

in Pediatrics [Internet]. 2003 [citado 27 de abril de 2017]; 23(1): 63-90. Disponible en: http://www.tandfonline.com/doi/abs/10.1080/J006v23n01_05

7. Bedell G, Wendy C, Law M, Lijenquist K, Kao YC, Teplicky R, et al. Community participation, supports, and barriers of school-age children with and without disabilities. Archives of Physical Medicine and Rehabilitation [Internet]. 2013 [citado 27 de abril de 2017]; 94(2): 315-23. Disponible en: [http://www.archives-pmr.org/article/S0003-9993\(12\)00999-9/pdf](http://www.archives-pmr.org/article/S0003-9993(12)00999-9/pdf)

8. Organización Mundial de la Salud, Fondo de Naciones Unidas para la Infancia. El desarrollo del niño en la primera infancia y la discapacidad: Un documento de debate [Internet]. Malta: Organización Mundial de la Salud; 2013 [citado 5 de maio de 2017]. Disponible en: [https://www.unicef.org/earlychildhood/files/ECDD_SPANISH-FINAL_\(low_res\).pdf](https://www.unicef.org/earlychildhood/files/ECDD_SPANISH-FINAL_(low_res).pdf)

9. Anaby D, Hand C, Bradley L, DiRezze B, Forhan M, DiGiacomo A, et al. The effect of the environment on participation of children and youth with disabilities: a scoping review. Disability and Rehabilitation [Internet]. 2013 [citado 27 de abril de 2017]; 35(19): 1589-98. Disponible en: <http://www.tandfonline.com/doi/abs/10.3109/09638288.2012.748840>

10. Piškur B, Beurskens AJHM, Ketelaar M, Jongmans MJ, Casparie BM, Smeets RJEM. Daily actions, challenges, and needs among Dutch parents while supporting the participation of their child with a physical disability at home, at school, and in the community: a qualitative diary study. BMC Pediatrics [Internet]. 2017 [citado 27 de abril de 2017]; 17:12: 1-11. Disponible en: https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC5225511/pdf/12887_2016_Article_768.pdf

11. Anaby D, Law M, Teplicky R, Turner L. Focusing on the Environment to Improve Youth Participation: Experiences and Perspectives of Occupational Therapists. Int J Environ Res Public Health [Internet]. 2015 [citado 27 de

abril de 2017]; 12 (10): 13388-98. Disponible en: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC4627037/pdf/ijerph-12-13388.pdf>

12. Piškur B, Meuser S, Jongmans MJ, Ketelaar M, Smeets RJEM, Casparie BM et al. The lived experience of parents enabling participation of their child with a physical disability at home, at school and in the community. *Disability and Rehabilitation* [Internet]. 2016 [citado 27 de abril de 2017]; 38(8): 803-12. Disponible en: <http://www.tandfonline.com/doi/abs/10.3109/09638288.2015.1061612>

13. Imms C. Children with cerebral palsy participate: A review of the literature. *Disability and Rehabilitation* [Internet]. 2008 [citado 27 de abril de 2017]; 30(24): 1867-84. Disponible en: <http://www.tandfonline.com/doi/abs/10.1080/09638280701673542>

14. Poletto M, Koller KS. Contextos ecológicos: promotores de resiliência, fatores de risco e de proteção. *Estudos de psicologia* [Internet]. 2008 [citado 15 de xuño de 2017]; 25(3): 405-16. Disponible en: <http://www.scielo.br/pdf/estpsi/v25n3/a09v25n3.pdf>

15. Sánchez de Muniain P. Trastornos motores del desarrollo y atención temprana. En: Perez-lopez J, Brito de la Nuez AG, editores. *Manual de Atención Temprana*. 1ª ed. Madrid: Ediciones Pirámide; 2004. p. 249-57.

16. Viana Moldes I, Pellegrini Spangenberg. Desarrollo social y juego infantil. En: Polonio López B, Cruz Castellanos MC, Viana Moldes I, editores. *Terapia Ocupacional en la infancia: Teoría y práctica*. 1ª ed. Madrid: Médica Panamericana; 2008. p. 57-77

17. Rodger S, Ziviani J. *Occupational Therapy with children: Understanding children's occupations and enabling participation*. 1ª ed. Oxford, UK: Blackwell Publishing; 2006.

18. Law M, Haight M, Milroy B, Willms D, Stewart D, Rosenbaum P. Environmental Factors Affecting the Occupations of Children with Physical Disabilities. *Journal of Occupational Science* [Internet]. 1999 [citado 5 de

xullo de 2017]; 6(3): 102-10. Dispoñible en: https://www.researchgate.net/publication/232890035_Environmental_factors_affecting_the_occupations_of_children_with_physical_disabilities

19. Colver A, Thyen U, Arnaud C, Bechung E, Fauconnier J, Marcelli M, et al. Association Between Participation in Life Situations of Children With Cerebral Palsy and Their Physical, Social, and Attitudinal Environment: A Cross-Sectional Multicenter European Study. *Arch Phys Med Rehabil.*[Internet]. 2012 [citado 27 de abril de 2017]; 93(12): 1-22. Dispoñible en: [http://www.archives-pmr.org/article/S0003-9993\(12\)00550-3/pdf](http://www.archives-pmr.org/article/S0003-9993(12)00550-3/pdf)

20. Mei C, Reilly S, Reddihough D, Mensah F, Green J, Pennington L, et al. Activities and participation of children with cerebral palsy: parent perspectives. *Disability and Rehabilitation* [Internet]. 2015 [citado 27 de abril de 2017]; 37(23): 2164-73. Dispoñible en: <http://www.tandfonline.com/doi/abs/10.3109/09638288.2014.999164>

21. Gorzkowski J, Kelly EH, Klaas SJ, Vogel LC. Obstacles to community participation among youth with spinal cord injury. *The Journal of Spinal Cord Medicine* [Internet] 2011 [citado 25 de xullo de 2017]; 4(6): 576-85. Dispoñible en: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC3237284/pdf/scm-34-576.pdf>

22. Klaas SJ, Kelly EH, Gorzkowski J, Homki E, Vogel LC. Assessing patterns of participation and enjoyment in children with spinal cord injury. *Developmental Medicine & Child Neurology* [Internet]. 2010 [citado 25 de xullo de 2017] ; 52(5): 468-74. Dispoñible en: <http://onlinelibrary.wiley.com/doi/10.1111/j.1469-8749.2009.03552.x/epdf>

23. Yi Lim C, Law M, Khetani M, Pollock N, Rosenbaum P. Participation in Out-of-Home Environments for Young Children With and Without Developmental Disabilities. *OTJR: Occupation, Participation and Health* [Internet]. 2016 [citado 27 de abril de 2017]; 36(3): 112-25. Dispoñible en:

http://journals.sagepub.com/doi/abs/10.1177/1539449216659859?url_ver=Z39.88-2003&rfr_id=ori:rid:crossref.org&rfr_dat=cr_pub%3dpubmed

24. Naciones Unidas. Convención sobre los Derechos del Niño [Internet]. 1989. [citado 28 de marzo de 2017]. Disponible en: <http://www.ohchr.org/SP/ProfessionalInterest/Pages/CRC.aspx>

25. Naciones Unidas . Convención sobre los derechos de las personas con discapacidad [Internet]. Nueva York: 2006 [citado 28 de marzo de 2017]. Disponible en: <http://www.un.org/spanish/disabilities/default.asp?id=497>

26. World Federation of Occupational Therapist [Internet]. Statement on Occupational Therapy. Australia: World Federation of Occupational Therapist; 2012 [citado 8 de marzo de 2017]. Disponible en: <http://www.wfot.org/Portals/0/PDF/STATEMENT%20ON%20OCCUPATIONAL%20THERAPY%20300811.pdf>

27. World Federation of Occupational Therapists [Internet]. Activities Daily Living. 2012. [citado 8 de marzo de 2017] Disponible en: <http://www.wfot.org/ResourceCentre.aspx>

28. Kielhofner G. La organización y el uso del conocimiento. En: Kielhofner G, editor. Fundamentos conceptuales de la Terapia Ocupacional. 3ª ed. Buenos Aires: Médica Panamericana; 2006. p. 11-26

29. Simó S, Urbanowski R. El modelo canadiense del desempeño ocupacional I. TOG [revista en Internet]. 2006 [citado 18 de xuño de 2017]; (3): [27p.]. Disponible en: <http://www.revistatog.com/num3/pdfs/Expertol.pdf>

30. Kielhofner G. Modelo de ocupación humana: teoría y aplicación. 3ª ed. Madrid: Médica Panamericana; 2004.

31. Brown CE. Modelos ecológicos en terapia ocupacional. En: Elizabeth Blesedell Crepeau E, Cohn ES, Boyt Schell BA, editores. Willard & Spackman, Terapia Ocupacional. 11ª ed. Buenos Aires: Médica Panamericana; 2011. p. 435-45.

32. Talavera Valverde MA. De cuando el entorno anula tu quehacer. TOG [revista en Internet]. 2011 [citado 15 de maio de 2017]; 8(13): [5p.]. Disponible en: <http://www.revistatog.com/num13/pdfs/presentacion.pdf>
33. Polonio López B, Romero Ayudo DM. El proceso terapéutico en pediatría. En: Polonio López B, Cruz Castellanos MC, Viana Moldes I, editores. Terapia Ocupacional en la infancia: Teoría y práctica. 1ª ed. Madrid: Médica Panamericana; 2008. p. 89-103.
34. Whiteford G. Occupational Deprivation: Global Challenge in the New Millennium. British Journal of Occupational Therapy [Internet]. 2000 [citado 15 de maio de 2017]; 63(5): 200-4. Disponible en: <http://journals.sagepub.com/doi/abs/10.1177/030802260006300503?journalCode=bjod>
35. Durocher E, Gibson BE, Rappolt S. Occupational Justice: A Conceptual Review. Journal of Occupational Science [Internet]. 2014 [citado 15 de maio de 2017]; 21(4): 418-30. Disponible en: <http://www.tandfonline.com/doi/abs/10.1080/14427591.2013.775692?journalCode=rocc20> DOI: 10.1080/14427591.2013.775692
36. Forn de Zita C [Internet]. Declaración de posición sobre los Derechos Humanos. 2006. [citado 9 de marzo de 2017]. Traducido de: World Federation of Occupational Therapist. Position Statment on Human Rights. 2006. Disponible en: www.wfot.org/ResourceCentre.aspx
37. Instituto Galego de Estadística (IGE) [sede Web]*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estadística (IGE) e Xunta de Galicia; 2017. [citado 24 de maio de 2017]. Benestar e condicións de vida. Outra información. Disponible en: http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0205001002
38. Arantzamendi M, López-Dicastillo O, Vivar CG. Investigación cualitativa. Manual para principiantes. 1ª ed. Pamplona: Eunate; 2012.

39. Rodríguez Gómez G, Gil Flores J, García Jiménez E. Metodología de la investigación cualitativa. 2º ed. Archidona (Málaga): Aljibe; 1999.
40. Hospital Coruña [sede Web]*. A Coruña: Servizo Galego de Saúde. [citado 2 de agosto de 2017]. Información dos centros. Área sanitaria. Disponible en: <http://hospitalcoruna.sergas.es/CONOCENOS/INFORMACIONDOCOMPLEXO/Paginas/AreaSanitaria.aspx>
41. Asamblea Médica Mundial. Declaración de Helsinki de la AMM - Principios éticos para las investigaciones médicas en seres humanos [Internet]. [citado 25 de novembro de 2016]. Disponible en: <https://www.wma.net/es/policias-post/declaracion-de-helsinki-de-la-amm-principios-eticos-para-las-investigaciones-medicas-en-seres-humanos/>
42. Ley orgánica de Protección de Datos de carácter personal. Lei 15/1999 do 13 de decembro. Boletín Oficial del Estado, nº 298, (14-12-1999). [Internet]. [citado 25 de novembro de 2016]. Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1999-23750>
43. American Occupational Therapy Association. Core Values and Attitudes of Occupational Therapy Practice. Am. J. Occup. Ther [Internet]. 1993 [citado 5 de xuño de 2017];47(12): 1085-1086. Disponible en: <https://ajot.aota.org/article.aspx?articleid=1876456>
44. American Occupational Therapy Association. Guidelines to the Occupational Therapy Code of Ethics. Am. J. Occup. Ther [Internet]. 1998 [citado 5 de xuño de 2017]; 52(10):881-884. Disponible en: <https://ajot.aota.org/article.aspx?articleid=1870010>

3. PREMISA DO ESTUDO

Este estudo nace da premisa de que os nenos e nenas con diversidade funcional motora poden atoparse con diversos factores ambientais que inflúan na súa participación diaria dentro da comunidade.

Isto xorde, a partir de que investigadora intúe e considera que o desempeño ocupacional dos nenos e nenas pode variar dependendo das condicións ambientais que os rodean e podendo, a súa vez, modificar as súas ocupacións significativas e a súa calidade de vida.

4. OBXECTIVOS

Obxectivo xeral:

- Indagar que factores ambientais facilitan ou comprometen a participación na comunidade dos nenos con diversidade funcional motora, a través das perspectivas das familias.

Obxectivos específicos:

- Explorar que actividades realizan os nenos con diversidade funcional motora na súa comunidade.
- Analizar como é o impacto dos factores ambientais na calidade de vida dos nenos con diversidade funcional motora.
- Identificar as inquedanzas e demandas observadas polas familias que podan promover a participación comunitaria óptima dos nenos.
- Explorar a situación actual da participación na vida comunitaria dos nenos con diversidade funcional motora que residen nas localidades pertencentes á área sanitaria de A Coruña.

5. METODOLOXÍA

5.1. Tipo de estudo

O estudo será abordado desde a perspectiva da investigación cualitativa, sendo esta definida por Strauss e Corbin como “calquera tipo de investigación que produce resultados aos que non se chegou por procedementos estatísticos ou outro tipo de cuantificación. Pode referirse a investigacións acerca da vida das persoas, historias, comportamentos, e tamén ao funcionamento organizativo, movementos sociais ou relacións e interaccións” (38).

En base a isto, o obxectivo e propósito desta metodoloxía é estudar unha realidade desde o contexto natural, ademais de interesarse polo significado das experiencias, os valores humanos e o punto de vista interno e individual, polo que a interpretación dos fenómenos realizarase segundo o significado que este carrega para as persoas implicadas (38,39).

Dentro da investigación cualitativa existen diversos enfoques dependendo do deseño seleccionado para o desenvolvemento do estudo (38). Neste caso enmarcarase dentro dunha perspectiva fenomenolóxica, na que se destaca “a énfase sobre o individual e sobre a experiencia subxectiva” (39). En canto aos principios básicos deste tipo de deseño son: 1) a base do coñecemento é a experiencia subxectiva, 2) estúdanse os fenómenos desde a perspectiva dos suxeitos, 3) o investigador pretende desvelar a esencia da investigación segundo como o interpretan os individuos e 4) a interpretación do significado dos fenómenos (38).

4.2. Pescuda bibliográfica

A procura bibliográfica levouse a cabo ao longo de todo o proceso de elaboración do documento onde se empregaron diferentes bases de datos como Scopus, Dialnet, Web of Science e Pubmed, co fin de recoller información relevante sobre os antecedentes e estado actual do tema a tratar no proxecto.

Para realizar esta procura empregáronse diferentes descritores en español e inglés como: “comunidad”, “participación”, “inclusión”, “infancia”, “niños”, “pediatría”, “terapia ocupacional”, “discapacidad física”, “diversidad funcional motora”, communit*, participat*, “child*”, pediatric*, “Physical disability”, disab* e “occupational therapy”.

Ademais, a través da base de datos Pubmed empregáronse os seguintes termos Mesh: “Occupational therapy”, “Community Participation”, child e “Disabled Children”.

No desenvolvemento da procura manexáronse os operadores booleanos "OR" e "AND" para combinar os diferentes descritores nomeados anteriormente e, ademais, establecéronse os seguintes filtros: 1) textos completos, 2) idioma en español, inglés ou portugués, 3) artigos científicos ou revisións bibliográficas e 4) período límite de 10 anos, que en ocasións foi ampliado dependendo dos resultados obtidos.

Por outra parte, tamén se realizaron consultas a través doutros medios como Google Académico, libros do Servizo da Biblioteca Universitaria da Universidade da Coruña, revistas, páxinas web de interese e boletíns oficiais.

5.3. Contextualización

5.3.1. Posición da investigadora

A investigadora, na actualidade, é unha alumna de 4^o curso do Grao de Terapia Ocupacional na Universidade da Coruña.

O paso pola Unidade de Rehabilitación Infantil e Atención Temperá (en diante, URIAT), a través das materias de Estadías prácticas III e VII, foi o que xerou o interese da investigadora sobre o ámbito da infancia, nacente así a proposta de realizar este proxecto. Así pois, o que se pretende é coñecer e ampliar coñecementos sobre a influencia dos factores ambientais na participación comunitaria dos nenos con diversidade funcional motora

que acoden a esta unidade de maneira directa a través das propias experiencias de cada familia.

5.3.2. Ámbito de estudo

O estudo realizarase na provincia da Coruña, concretamente na URIAT do Hospital Teresa Herrera pertencente ao Servizo Galego da Saúde (en diante, SERGAS).

O ámbito territorial da área sanitaria da Coruña inclúe un gran número de concellos, os cales están recollidos na Figura 1.




Figura 1: Municipios pertencentes á Xerencia de Xestión Integrada da Coruña. Fonte: Web do Hospital da Coruña. SERGAS (40).

5.4. Poboación de estudo

A poboación a estudar serán os nenos con diversidade funcional motora que asistan aos servizos da URIAT do Hospital Teresa Herrera.

5.5. Mostra

A selección de participantes realizarase a través dunha mostraxe intencional, onde se buscarán informadores clave que poidan aportar información relevante para o estudo e, así, poder lograr os obxectivos deste (38).

Estableceranse unha serie de criterios de inclusión e exclusión dirixidos aos participantes, os cales deberán ser cumpridos para poder formar parte do estudo. Estes encóntranse detallados na Táboa I.

Táboa I: Criterios de inclusión e exclusión para os participantes. Fonte: Elaboración propia.

	Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
Participantes: Familias de nenos con diversidade funcional motora.	Familiar ou titor/a legal de referencia dos nenos que acoden á URIAT cunha condición diagnóstica de diversidade funcional motora.	Familiar ou titor/a legal de referencia de nenos que acudan doutras áreas sanitarias.
	Familiar ou titor/a legal de referencia de nenos de idades comprendidas entre 3 e 6 anos.	Familiar ou titor/a legal de referencia de nenos con diagnóstico recente.
	Contar cun mínimo de dous meses de residencia na localidade onde se encontra o domicilio familiar.	Familiar ou titor/a legal de referencia con dificultades de expresión ou comprensión nas linguas oficiais da comunidade autónoma onde se realizará o estudo (galego e castelán).
	Familiar ou titor/a legal de referencia que conviva habitualmente cos nenos.	Non firmar o consentimento informado para a participación no estudo.

Decídese seleccionar ás familias como participantes debido a que poden xerar información significativa e relevante para os futuros resultados. Ademais, son o principal contexto e marco de referencia para os nenos e nenas e, maiormente, as actividades realizadas na etapa da infancia son centradas no ámbito familiar (16,20).

5.6. Entrada ao campo

A entrada ao campo levarase a cabo a través da URIAT do Hospital Teresa Herrera, existindo xa un vínculo da futura investigadora co dispositivo a través da realización da sinatura de estadías prácticas en dito centro.

O porteiro que dará acceso a este proceso será unha das terapeutas ocupacionais do servizo, sendo esta a titora das estadías e unha das directoras do presente proxecto.

O desenvolvemento do futuro estudo realizarase en diferentes etapas. En primeiro lugar, antes de iniciar calquera contacto coa URIAT enviarase unha solicitude á Rede de Comités de Ética da Investigación en Galicia (Apéndice I). Aceptada esta, contactarase de maneira directa e presencial co xefe da unidade para achegarlle a proposta e o consentimento referente ao estudo e, así, poder iniciar a investigación (Apéndice II). Posteriormente, efectuarase unha primeira toma de contacto, directa e presencial, coas posibles familias partícipes no estudo a través dunha reunión onde se lles entregará un documento con toda a información sobre o estudo no que se lles invita a participar (Apéndice III). Finalmente, aquelas persoas que decidan formar parte da investigación outorgaráselles o consentimento informado (Apéndice IV), sendo obrigatorio o seu asinado para poder participar.

5.7. Técnica de recollida de datos

As técnicas de recollida de datos que se empregarán no estudo e as súas características son expostas a continuación:

- **Entrevista**

A entrevista é definida como "unha conversación que é dirixida, máis ou menos, cara ás necesidades de información do investigador", e a través das cales "preténdese explorar explicacións e comparalas con outras para desenvolver a interpretación teórica das estruturas que subxacen nesas crenzas ou experiencias" (38).

En base á súa estruturación, neste estudo, realizarase unha entrevista semi-estruturada caracterizada por "pretender cubrir un conxunto de temas particulares e con ese fin utilízase unha guía temática que se aborda con cada un dos participantes" (38). O guiión de entrevista, realizado pola investigadora, onde se recollen as diversas preguntas pode ser consultado nos Apéndice V deste documento.

As entrevistas serán cara a cara, individuais e cunha duración máxima aproximada de 40/50 minutos. En canto ao lugar de encontro establecerase na propia URIAT, mais no caso de que non poidan acudir os participantes acordarase outro espazo para a reunión.

Empregarase un dispositivo de gravación de son onde se almacenarán as conversacións entre a entrevistadora/investigadora e os participantes, así será máis doado realizar a súa posterior transcripción e análise. É importante destacar que debe haber unha previa autorización por parte do informante, na que esté de acordo con dita gravación.

- **Grupo de discusión**

O grupo de discusión fai referencia "á reunión dun grupo de individuos, seleccionados polos investigadores, baixo a dirección dun moderador para discutir e elaborar, desde a experiencia persoas, unha temática ou feito social que é obxecto de

investigación". A duración habitual deste método é entre 1 e 2 horas (38).

O espazo onde se realizará esta reunión será no propio Hospital Teresa Herrera. Será nun ambiente relaxado que permita contar as experiencias e opinións das persoas de maneira que sexan escoitados e non existan posibles xuízos de valor (38).

En canto á estrutura do grupo de discusión contará cunha introdución, un desenvolvemento e un peche, estas fases atópanse especificadas e poden ser consultadas no Apéndice VI. O tamaño do grupo será entre catro e doce persoas, sendo o suficientemente reducido para que todos os participantes podan mostrar as súas opinións e o suficientemente extenso para que as opinións sexan diversas (38).

- **Caderno de campo**

No caderno de campo rexistrárase de maneira descritiva todas aquelas anotacións sobre o que se observará ao longo do proceso. Estas serán recollidas de maneira completa, precisa e detallada (38).

5.8. Plan de análise de datos

Segundo Miles e Huberman, o proceso de análise de datos está dividido en tres fases (39):

1. Redución de datos

Nesta fase realizarase a separación, identificación, clasificación, síntese e agrupamento de unidades. Así, simplificarase, resumirase e seleccionarase a información relevante para que sexa máis doado o manexo e interpretación de datos. Para poder levar a cabo a categorización e codificación, analizarase a información segundo os criterios temáticos derivados das respostas xeradas a partir das entrevistas e dos grupos de discusión.

2. Disposición e transformación de datos

Aquí desenvolveranse as diferentes categorías analizadas no apartado anterior, ademais de expoñer os temas que darán resposta aos obxectivos do estudo.

3. Obtención de resultados e verificación de conclusións

Esta última fase abarcará a discusión dos resultados, así como a posterior conclusión. Unha vez finalizadas estas dúas partes será necesario verificar as conclusións.

5.9. Rigor metodolóxico e credibilidade

Os criterios utilizados para a avaliación de calidade deste estudo serán os propostos por Guba e Lincoln (38), a continuación son expostos cada un destes:

- **Credibilidade:** “fai referencia á veracidade dos resultados no sentido de si existe un consenso comunicativo entre os implicados “ (38). Para cumprir este rigor, toda a información recollida nas entrevistas e nos grupos de discusión será gravada nun dispositivo de son e a súa transcripción será textual. Por outra parte, tamén apoiará isto as anotacións recollidas no caderno de campo obtidas ao longo do proceso.
- **Transferibilidade ou aplicabilidade:** é o grao en que os resultados se poden estender a outros contextos (38). Para iso, realízase unha descrición detallada do proceso de investigación, facendo maior fincapé na parte metodolóxica de: ámbito do estudo, poboación do estudo, mostra, técnicas de recollida de datos e plan análise.

- **Consistencia ou auditabilidade:** este termo fai referencia a estabilidade dos datos, é dicir, se este mesmo estudo é recreado por un segundo investigador nun mesmo contexto os resultados obtidos serían similares e nunca contraditorios (38). Ao igual que no rigor anterior, farase unha descrición pormenorizada da parte metodolóxica do estudo e, ademais, levarase a cabo unha comparación dos resultados obtidos nas diferentes entrevistas e nos grupos de discusión, así como das anotacións recollidas no caderno de campo dos investigadores.
- **Confirmabilidade:** é o compromiso do investigador de informar en todo momento sobre a súa posición e influencia no estudo, podendo xerar sesgos (38). Para cumprir este criterio, recollerase nunha gravadora de son toda a información xerada nos encontros entre a investigadora e os participantes, nos que se realizarán as entrevista e os grupos de discusión.

5.10. Aplicabilidade

Os resultados do futuro estudo contribuirán a coñecer un pouco máis sobre a influencia dos factores ambientais na participación comunitaria dos nenos con diversidade funcional motora. Isto poderá xerar un impacto tanto a nivel teórico, práctico ou comunitario.

Teoricamente poderá achegar nova evidencia científica sobre o tema estudado, proporcionando novos coñecementos tanto á disciplina de terapia ocupacional como outras que se dediquen ao ámbito da pediatría. Isto é importante sobre todo a nivel nacional, xa que existen poucos estudos que traten esta temática na infancia. Por outra parte, poderá guiar ou orientar futuros estudos que sigan esta mesma liña de investigación.

En canto a nivel práctico, o achegamento ás familias ou titores/as legais permitirá coñecer as demandas e inquietudes persoais sobre o tema abordado, que serán clave para o desenvolvemento e deseño de novas intervencións emprendedoras e adaptadas as necesidades de cada persoa. Exemplos disto serían: planificación e instauración de novas políticas públicas, novos enfoques de intervención, programas de integración social ou a creación de posibles recursos comunitarios que xeren unha participación equitativa para todos e, así, facilitar a participación dos nenos con diversidade funcional na comunidade.

Por último, é importante facer referencia ao carácter informativo deste estudo tanto para as familias de nenos que se encontren en situacións similares as atopadas no estudo como para a sociedade. Desta maneira, farase visible e xerarase unha sensibilización sobre a situación real de moitos nenos e as súas familias.

5.11. Limitacións do estudo

Entre as diversas limitacións ás que se pode enfronta o estudo, a prior, detéctanse as seguintes:

- A negación ou falta de colaboración dos participantes pode dificultar o proceso do estudo.
- A selección de participantes a través dunha mostraxe teórico intencional, pode xerar que o estudo perda credibilidade e/ou información.
- Os resultados das entrevistas só serán analizados pola investigadora principal, polo que existirá unha falta de triangulación da información.
- A falta de relación persoal, previa a investigación, entre a investigadora e os participantes pode producir nestes certa incomodidade, xerando respostas non reais.

- Realizar entrevista só a un perfil de informantes, neste caso ás familias ou titor/as legais, fai que se perdan outras perspectivas como as dos propios nenos ou profesionais.
- A limitada experiencia da investigadora no ámbito pode influír no proceso do estudo, polo que se require dunha supervisión continua das directoras.

6. PLAN DE TRABAJO

Estímase que o período do estudo terá unha duración de 9 meses. A continuación na Táboa II, preséntase o cronograma temporal que seguirá o estudo, ademais de recollese as diferentes fases deste proxecto.

É importante destacar que este cronograma será susceptible de cambios segundo as demandas que vaian xurdindo ao longo da investigación, entre elas a entrega da autorización por parte do comité de ética.

Táboa II: Cronograma. Fonte: Elaboración propia.

		ANO 2016/2017								
P R O X E C T O	MESES	OUT/ NOV	DEC/ XAN	FEB/ MAR	ABR/ MAI	XUÑ/ XUL	AGO/ SET			
	ETAPAS*									
	Etapa conceptual									
	Etapa de deseño									
	Presentación do proxecto									
		ANO/DATA POR DETERMINAR								
E S T U D O	MESES	Mes 1	Mes 2	Mes 3	Mes 4	Mes 5	Mes 6	Mes 7	Mes 8	Mes 9
	ETAPAS*									
	Revisión Etapa conceptual									
	Revisión Etapa de deseño									
	Etapa empírica									
	Etapa analítica									
	Etapa de difusión									

* Etapas do proceso de investigación cualitativa (38).

7. ASPECTOS ÉTICOS

Para a realización do estudo, previamente, solicitarase unha autorización á Rede de Comités de Ética da Investigación en Galicia (Apéndice I).

Ao longo do estudo teranse en conta os principios éticos establecidos na Declaración de Helsinki (41), así como os dereitos e deberes que establece a Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (42).

Así pois, seguindo estes dous principios outorgaráselles aos participantes unha folla de información onde se explica como se realizará dito estudo e cal será a súa finalidade (Apéndice III). Por outra parte tamén se proporcionará o consentimento informado o cal deberá ser asinado por parte dos familiares para poder participar no devandito estudo (Apéndice IV). Para preservar o anonimato dos participantes concederáselles un código alfanumérico a cada un deles, xa que desta maneira protexerase a súa identidade e manterase a confidencialidade dos seus datos.

As entrevistas realizadas ao longo do estudo almacenaranse nun dispositivo de gravación de son e, as cales, serán destruídas unha vez finalizado o estudo. Estes datos só poderán ser consultados pola investigadora.

A participación será voluntaria polo que os participantes poderán abandonar o estudo se o consideran oportuno.

Por último, destacar que a futura investigación rexentarse baixo o código ético de Terapia Ocupacional (43) e polos valores fundamentais e actitudes da práctica (44).

8. PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS

Finalizado o estudo os resultados serán difundidos a través de congresos e revistas de carácter nacional ou internacional e de interese nos ámbitos da terapia ocupacional e pediatría. Por outra parte, tamén poderán ser divulgados por medio da comunidade.

8.1. Congresos

Congresos nacionais:

- Congreso Nacional de Estudiantes de Terapia Ocupacional (CENTO).
- Congreso da Asociación Española de Pediatría (AEP).

Congresos internacionais:

- Congress of the Council of Occupational Therapist for European Countries (COTEC) and European Network of Occupational Therapy (ENOTHE).
- Annual Meeting of European Network of Occupational Therapy in Higher Education (ENOTHE).
- Congreso Internacional de Estudiantes de Terapia Ocupacional (CIETO).
- Congreso Interacional de Terapeutas Ocupacionales (CITO).
- Congress of the European Academy of Paediatrics (EAP).

8.2. Revistas

Revistas nacionais:

- Revista electrónica de Terapia Ocupacional Galicia (TOG).
- Revista de la Asociación Española de Terapeutas Ocupacionales (APETO).

- Anales de Pediatría (An. Pediatr.). JCR (2015): 0.773.

Revistas internacionais:

- American Journal of Occupational Therapy (Am. J. Occup. Ther.). JCR (2015): 1.806.
- Australian Occupational Therapy Journal (Aust. Occup. Ther. J.). JCR (2015): 1.404.
- Physical & Occupational Therapy in Pediatrics (Phys. Occup. Ther. Pedi.). JCR (2015): 1.255.
- Canadian Journal of Occupational Therapy-*Revue Canadienne d' Ergotherapie* (Can. J. Occup. Ther.). JCR (2015): 1.179.
- Scandinavian Journal of Occupational Therapy (Scand. J. Occup. Ther.). JCR (2015): 0.957.
- British Journal of Occupational Therapy (Brit. J. Occup. Ther.). JCR (2015): 0.935.

8.3. Comunidade

A difusión de resultados realizarase por medio de obradoiros, charlas e campañas divulgativas en asociacións, servizos sociais e de educación, concellos e organismos comunitarios, axudando a concienciar á sociedade sobre o fenómeno a estudar.

9. FINANCIACIÓN DA INVESTIGACIÓN

9.1. Recursos necesarios

Para poder levar a cabo este estudo de investigación será necesario acceder a diferentes tipos de recursos como: infraestruturas, humanos e materiais. Ademais dos gastos que xera a difusión dos resultados.

A infraestrutura que se utilizará será a propia URIAT do hospital agás que os participantes non poidan acudir, polo que se acordará outro espazo.

Os recursos humanos constarán dunha terapeuta ocupacional, investigadora principal do estudo.

En canto aos recursos materiais necesarios, serán tanto de carácter inventariable (impresora, gravadora de son...) como funxible (cadernos, folios, bolígrafos, tinta...).

Por último, incluíranse os desprazamentos, aloxamentos e inscricións a congresos necesarios para a difusión de resultados.

A continuación, na Táboa III, recóllese detalladamente unha estimación dos gastos que carrexará a investigación.

Táboa III: Presuposto estimado do estudo de investigación. Fonte: Elaboración propia

RECURSOS	CUSTO €	TOTAL €
Infraestrutura		
<ul style="list-style-type: none"> URIAT – Hospital Teresa Herrera ou outro espazo consensuado cos participantes 	0€	0€
Recursos Humanos		
<ul style="list-style-type: none"> Terapeuta ocupacional 	779,95€* (Salario media xornada / 9 meses)	11.130,73€**
Material inventariable		
<ul style="list-style-type: none"> Ordenador portátil (propio) 	0€	
<ul style="list-style-type: none"> Impresora (propia) 	0€	70€
<ul style="list-style-type: none"> Gravadora de son 	70€	
Material funxible		
<ul style="list-style-type: none"> Material de oficina (cadernos, bolígrafos, paquete de folios, pendrive/memoria USB...) 	200€	300€
<ul style="list-style-type: none"> Cartuchos de tinta 	100€	
Difusión de resultados		
<ul style="list-style-type: none"> Inscripción a congresos, desprazamento e estancia. 	4.000€	4.000€
TOTAL		15.500,73€

* Segundo as táboas salariais da UDC para a figura de Técnico Superior de Apoio á Investigación.

** Incluído: pagas extras, indemnización fin contrato, seguridade social e unha cantidade de 40,00€ como compensación por posibles aumentos das cotizacións.

8.2. Posibles fontes de financiación

A financiación do estudo dependerá das axudas proporcionadas polas diferentes entidades estatais, autonómicas ou locais. Así pois, realízouse

unha procura de posibles fontes de financiamento publicas e privadas, as cales se atopan recollidas a continuación:

Entidades públicas

- Instituto de Saúde Carlos III. Secretaría do Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación – Ministerio de Economía e Competitividade.
 - Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía e de Innovación 2013-2020. Axudas para o apoio á I+D+I orientada aos retos da sociedade.
- Deputación da Coruña. Bolsas de investigación destinadas a titulados universitarios.
 - Apoio na introdución á actividade investigadora en temas de interese para a realidade social, cultural, económica e política galega.

Entidades privadas

- Obra Social “La Caixa”. Programas de axudas a proxectos de iniciativas sociais.
 - Promoción da autonomía persoal e atención ao envellecemento, a discapacidade e a dependencia, a través desta convocatoria o que se pretende é impulsar proxectos que fomenten a vida independente, a autonomía e a calidade de vida das persoas con discapacidade.

10.AGRADECIMENTOS

Grazas ás miñas titoras Alba e María polo voso tempo, por guiarme neste proceso e ofrecerme a vosa axuda en todo momento.

Grazas aos meus pais por todo o que me deron ata o día de hoxe e poder chegar ata aquí, por confiar en min e por estar ao meu lado ao longo destes anos.

E, un grazas a todos os meus compañeiros e profesores que fixeron que estes tres anos sexan inesquecibles.

GRAZAS

Apéndices

Apéndice I: Carta de presentación da documentación á Rede de Comités de Ética da investigación de Galicia.

Apéndice II: Solicitud á Unidade de Rehabilitación Infantil e Atención Temprá para a realización do estudo.

Apéndice III: Folla de información ao/á participante adulto/a.

Apéndice IV: Documento de consentimento para a participación nun estudo de investigación.

Apéndice V: Guión de entrevista para os participantes.

Apéndice VI: Estrutura do grupo de discusión.

Apéndice VII: Listado de acrónimos.

Apéndice I: Carta de presentación da documentación á Rede de Comités de Ética da investigación de Galicia

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE SANIDADE Secretaría Xeral Técnica</p>	<p>Secretaría Técnica Comité Autonómico de Ética de la Investigación de Galicia Consellería de Sanidade Edificio Administrativo San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono: 981 548425</p>	
---	--	---

CARTA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN Á REDE DE COMITÉS DE ÉTICA DA INVESTIGACIÓN DE GALICIA

D/D*:

con teléfono:

e correo electrónico:

SOLICITA a avaliación de:

- Protocolo novo de investigación
- Resposta ás aclaracións solicitadas polo Comité
- Modificación ou Ampliación a outros centros dun estudio xa aprobado polo Comité

DO ESTUDO:

Título:

Promotor:

MARCAR se o promotor é sin ánimo comercial e confirma que cumpre os requisitos para a exención de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia (mais información na web dos comités)

Tipo de estudio:

- Ensaio clínico con medicamentos
- Investigación clínica con produto sanitarios
- Estudo Posautorización con medicamento de seguimento Prospectivo (EPA-SP)
- Outros estudos non catalogados nas categorías anteriores.

Investigadores e centros en Galicia:

E xunto envío a documentación en base aos requisitos que figuran na web da Rede Galega de CEIs, e me comprometo a ter dispoñibles para os participantes os documentos de consentimento aprobados en galego y castelán.

A

Firmado:

Red de Comités de Ética de la Investigación
Secretaría Xeral, Consellería de Sanidade

Apéndice II: Solicitude á Unidade de Rehabilitación Infantil e Atención Temperá para a realización do estudo

Eu, D^a Rebeca Fernández López con DNI, diríxome a vostede D., xefe da Unidade de Rehabilitación Infantil e Atención Temperá do Hospital Teresa Herrera (A Coruña) co fin de solicitar permiso para efectuar un estudo de investigación no servizo do que é responsable, sendo o título deste “A influencia dos factores ambientais na vida comunitaria dos nenos con diversidade funcional motora, desde a perspectiva das familias”.

Este nace a partir do proxecto presentado na materia de Tráballo de Fin de Grado de Terapia Ocupacional, na Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña (UDC), e titorizado polas terapeutas ocupacionais María José Darriba Fraga e Alba María Vázquez Otero.

O obxectivo do estudo será indagar que factores ambientais facilitan ou comprometen a participación na comunidade dos nenos con diversidade funcional motora, a través das perspectivas das familias. Terá unha duración total de 9 meses, mais a presenza en dito dispositivo será de ¾ meses aproximadamente.

Levarase a cabo un contacto directo coas familias participes no estudo e realizarase unha recollida de información a través de entrevistas semi-estruturadas individuais, grupos de discusión e un caderno de campo.

Exposto isto, solicítase o seu consentimento para poder iniciar e realizar o estudo de investigación descrito.

Atentamente,

Rebeca Fernández López

Asdo.: A investigadora que solicita o consentimento.

En A Coruña a de de 20....

Apéndice III: Folla de información ao/á participante adulto/a

TÍTULO DO ESTUDO: “A influencia dos factores ambientais na vida comunitaria dos nenos con diversidade funcional motora, desde a perspectiva das familias”.

INVESTIGADORA: Rebeca Fernández López.

CENTRO: Unidade de Rehabilitación Infantil e Atención Temperá – Hospital Teresa Herrera (A Coruña).

Este documento ten por obxecto ofrecerlle información sobre un **estudo de investigación** no que se lle invita a participar. Este estudo foi aprobado polo Comité de Ética da Investigación de

_____.

Se decide participar no mesmo, debe recibir información personalizada do investigador, **ler antes este documento** e facer todas as preguntas que precise para comprender os detalles sobre o mesmo. Se así o desexa, pode levar o documento, consultalo con outras persoas, e tomar o tempo necesario para decidir se participar ou non.

A participación neste estudo é completamente **voluntaria**. Vde. pode decidir non participar ou, se acepta facelo, cambiar de parecer retirando o consentimento en calquera momento sen obriga de dar explicacións. Asegurámoslle que esta decisión non afectará á relación co seu médico nin á asistencia sanitaria á que Vde. ten dereito.

Cal é o propósito do estudo?

A finalidade de este estudo é coñecer como os factores ambientais inflúen, tanto de maneira positiva como negativa, na participación comunitaria dos nenos con diversidade funcional motora.

Por que me ofrecen participar a min?

Vostede é convidado a participar porque cumpre todos os criterios de inclusión e exclusión descritos no estudo, os cales serven para seleccionar o tipo de participantes idóneos.

En que consiste a miña participación?

A participación, por unha parte, consiste en responder una serie de preguntas sobre os factores ambientais que inflúen, de maneira positiva e negativa, na participación na comunidade do neno ó que representa. As súas respostas serán libres e en calquera momento da entrevista poderá negarse a responder calquera destas ou mesmo abandonala.

A entrevista será gravada nun dispositivo de son para posteriormente levar a cabo a súa correspondente transcripción, mais unha vez feitas estas transcripcións as gravacións serán destruídas. En todo momento estarán sometidas baixo a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Xeral.

A entrevista realizarase o día, hora e lugar consensuado polos participantes e a investigadora principal. No caso de que o día que se faga a entrevista non se recollan todos os datos necesarios, pode existir a posibilidade de contactar de novo co participante para levar a cabo unha segunda cita. A súa participación terá unha duración total estimada de 40/50 minutos.

Por outra parte, tamén participará nun grupo de discusión con outras persoas participantes no estudo no que se falará sobre diversos temas relacionados coa liña de investigación tratada. A duración destes será entre 1 e 2 horas.

Que molestias ou inconvenientes ten a miña participación?

O tempo dedicado a ter que responder unha enquisa e a participar nun grupo de discusión.

Obterei algún beneficio por participar?

Non se espera que Vde. obteña beneficio directo por participar no estudo. A investigación pretende descubrir aspectos descoñecidos ou pouco claros sobre a influencia dos factores ambientais na participación na comunidade dos nenos con diversidade funcional motora.

Esta información poderá ser de utilidade nun futuro para outras persoas.

Recibirei a información que se obteña do estudo?

Se Vde. o desexa, facilitaráselle un resumo dos resultados do estudo.

Publicaranse os resultados deste estudo?

Os resultados deste estudo serán remitidos a publicacións científicas ou congresos para a súa difusión, pero non se transmitirá ningún dato que poida levar á identificación dos participantes.

Como se protexerá a confidencialidade dos meus datos?

O tratamento, comunicación e cesión dos seus datos farase conforme ao disposto pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo momento, Vde. poderá acceder aos seus datos, opoñerse, corrixilos ou cancelalos, solicitando ante o investigador.

Só o equipo investigador e as autoridades sanitarias, que teñen deber de gardar a confidencialidade, terán acceso a todos os datos recollidos polo estudo. Poderase transmitir a terceiros información que non poida ser identificada. No caso de que algunha información sexa transmitida a outros

países, realizarase cun nivel de protección dos datos equivalente, como mínimo, ao esixido pola normativa do noso país.

Os seus datos serán recollidos e conservados até rematar o estudo de modo:

- Codificados, que quere dicir que posúen un código có que o equipo investigador poderá coñecer a quen pertencen

O responsable da custodia dos datos é Rebeca Fernández López. Ao rematar o estudo os datos serán anónimos.

Existen intereses económicos neste estudo?

O investigador será remunerado polas actividades de captación e seguimento dos pacientes.

Vde. non será retribuído por participar.

Como contactar có equipo investigador deste estudo?

Vde. pode contactar con Rebeca Fernández López no teléfono
ou enderezo electrónico

Moitas grazas pola súa colaboración.

Apéndice IV: Documento de consentimento para a participación nun estudo de investigación

Título do estudo: “A influencia dos factores ambientais na vida comunitaria dos nenos con diversidade funcional motora, desde a perspectiva das familias”.

Eu, _____

- Lin a folla de información ao participante do estudo arriba mencionado que se me entregou, puiden conversar con _____ e facer todas as preguntas sobre o estudo.
- Comprendo que a miña participación é voluntaria, e que podo retirarme do estudo cando queira, sen ter que dar explicacións e sen que isto repercuta nos meus coidados médicos.
- Accedo a que se utilicen os meus datos nas condicións detalladas na folla de información ao participante.
- Presto libremente a miña conformidade para participar neste estudo.

Asdo.: O/a participante,

Asdo.: O/a investigador/a que solicita o
Consentimento

Nome e apelidos:

Nome e apelidos:

Data:

Data:

Apéndice V: Guión de entrevista para os participantes

Código	
Relación familiar	
Data	

PRESENTACIÓN

- Antes de iniciar a entrevista agradeceráselle á persoa participante a súa colaboración no devandito estudo.
- Explicaranse algúns termos como vida comunitaria/participación comunitaria e factores ambientais, os cales poden xerar confusións nos participantes.
- Recalcaráselles que a conversación é anónima, mais será gravada para beneficio da investigadora, xa que desta maneira a posterior transcripción e análise dos datos será máis doada. Unha vez feito isto serán destruídos os arquivos de son.

ENTREVISTA

- Cal é a localidade de residencia familiar?
- Pode describirme cales son as actividades que realiza o/a neno/a dentro da vida comunitaria?
- Tendo en conta as actividades enumeradas, pode describirme que factores de índole ambiental facilitan a realización desas actividades? E cales as dificultan?
- Como cree que afectan ou satisfán estes factores identificados a calidade de vida do/a neno/a?
- En relación ao lugar de residencia familiar, como cren que afecta este ao desenvolvemento do/a neno/a na comunidade?
- Que necesidades estiman que non están cubertas pola comunidade?
- Poden describirme como cren que se poderían abordar as necesidades enumeradas anteriormente?

Apéndice VI: Estrutura do grupo de discusión

As sesións dos grupos de discusión estruturaránse seguindo as seguintes fases (1):

INTRODUCCIÓN

En primeiro lugar, darase a benvida aos participantes e presentarase o tema e finalidade do estudo. Posteriormente, expoñeránse unhas normas básicas de funcionamento do grupo, as cales serán: respectar a quenda de palabra, evitar que varios participantes falen á vez, liberdade de opinións e respecto cara a estas. E, finalmente, volveráselles a recordar aos participantes que as conversacións serán gravadas, mais ao igual que as entrevistas estas destruíranse unha vez finalizada a análise do estudo. Esta fase ocupará os primeiros 5-10 minutos.

DESENVOLVEMENTO

Esta fase guiarase en torno ao guión das preguntas xa realizadas nas entrevistas individuais e terá unha duración aproximada de 50/60 minutos.

As temáticas a tratar serán:

- Principais actividades que realizan os nenos con diversidade funcional motora na comunidade.
- Factores ambientais que facilitan e dificultan a realización destas actividades.
- Como os factores ambientais inflúen, positiva e negativamente, na calidade de vida dos nenos.
- Coñecer as posibles solucións que achegan as familias.

PECHE

Nesta última fase, cuxa duración será de 20/30 minutos aproximadamente, farase un resumo dos aspectos clave nomeados durante a discusión e, ademais, darase a oportunidade aos participantes de engadir outros puntos que consideren importantes.

Finalizado isto, agradeceráselles a todos a súa participación no estudo.

Apéndice VII: Listado de Acrónimos

AEP: Asociación Española de Pediatría.

APETO: Revista da Asociación Española de Terapeutas Ocupacionais.

CENTO: Congreso Nacional de Estudiantes de Terapia Ocupacional.

CIF: Clasificación Internacional do Funcionamento da Discapacidade e da Saúde.

CIETO: Congreso Internacional de Estudiantes de Terapia Ocupacional.

CITO: Congreso Interacional de Terapeutas Ocupacionales.

COTEC: Council of Occupational Therapist for European Countries.

EAP: European Academy of Paediatrics.

ENOTHE: European Network of Occupational Therapy in Higher Education.

IGE: Instituto Galego de Estatística.

SERGAS: Servizo Galego de Saúde.

URIAT: Unidade de Rehabilitación Infantil e Atención Temperá.

TO: Terapia Ocupacional.

TOG: Revista electrónica de Terapia Ocupacional Galicia.

WFOT: World Federation of Occupational Therapists.